



## Programa alerta escolar

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria puxo en marcha desde o curso 2007/08, o programa de Alerta Escolar en colaboración coa Fundación 061, que ten como obxectivo a atención inmediata e eficiente do alumnado que presente unha patoloxía crónica e pode desenvolver en calquera momento unha crise.

Este programa posibilitará a súa asistencia e que o profesorado teña cobertura de persoal médico que conte con coñecementos dos nenos e nenas con esta problemática.

Pretende achegar unha atención sanitaria inmediata e eficaz a todos os nenos escolarizados de entre 0-16 anos, que padecen patoloxías crónicas susceptibles de descompensación con compromiso vital:

- **Crises alérxicas (anafilaxia) por exposición a alérxenos normalmente alimentarios.**
- **Convulsións. Crises comiciais (epilepsia nas súas diferentes formas).**
- **Crises diabéticas (en xeral, hipogluemias).**
- **Risco de morte súpeta.**

## Preguntas/Respostas

1. **Quen inscribe a un/ha rapaz/a no programa?** O centro é o que solicita con autorización das familias que previamente comunicou o interese de inclusión no programa e aportando copia do informe médico.
2. **Que pasos hai que dar para inscribilo?** O centro de educativo accede ao formulario de inscrición, o cumplimenta e o presenta ao 061 adxuntando copia do informe médico. O 061 notificará a inclusión no programa.
3. **Quen debe coñecer aos/ás rapaces inscritos no programa?** Todo o persoal do centro educativo que teña contacto co/a alumno/a: docentes e P.A.S. ou persoal de cociña en caso de que haxa comedor.  
No noso centro temos toda a información do alumnado inscrito no programa nos armarios sinalizados na sala de profesorado. Tamén, xunto ao libro de gardas, atoparemos unha copia desta información.
4. **Debe ter o centro os datos médicos do alumnado inscrito no programa?** O centro deberá ter unha carpeta co expediente do/a alumno/a.
5. **Quen debe facilitar a medicación ao centro?** As familias.
6. **Quen debe custodiar a medicación?** O centro.
7. **Que tratamentos poden administrar os docentes?** Os docentes só deben administrar aqueles medicamentos que lle indiquen dende o 061
8. **Fan os docentes controls de glicemia?** O profesorado non ten a obriga de facelo.
9. **Responsabilidade dos docentes na administración?** Ningunha. O responsable é o profesional do 061 que da as indicacións.
10. **Permiso das familias para o traslado?** En situacións de emerxencia non é necesaria unha autorización previa
11. **Teléfono de dúbidas non urxentes sobre o programa?** 902 400 116



## Recursos

### → [Vídeo de presentación con información básica do programa](#)

- ◆ Se un rapaz se atopa mal... chamar ao 061
- ◆ O profesorado deber ter unhas nocións básicas para administrar os tratamentos → O médico do 061 guía o tratamento. → O 061 asume a responsabilidade legal.
- ◆ O centro educativo ten que garantir que a medicación está perfectamente etiquetada, conservada nas condicións axeitadas e revisar a data de caducidade.
- ◆ Nunha saída do centro escolar a medicación debe acompañar ao/á alumno/a.

### → [Vídeo explicativo de como chamar ao 061](#)

- ◆ Identificar ao alumno e en que centro se atopa.
- ◆ Identificar o teléfono dende o que se chama
- ◆ Sinalar onde se atopa o neno: planta, aula...
- ◆ Contestar as preguntas:
  - Explicar que lle sucede ao/á rapaz/a
- ◆ Transfírese a chamada a un médico que dará instrucións paso a paso.
- ◆ A ambulancia está en camiño.

### → [Vídeo explicativo de como aplicar insulina intramuscular](#)

- ◆ Identificar a medicación. Verificar a data de caducidade.
- ◆ Abrir o envoltorio e retirar a xiringa.
- ◆ Retirar a tapa de seguridade.
- ◆ Premer na coxa ata oír un clic.
- ◆ Manter durante 10" → Contar ata 10

### → [Vídeo explicativo de como aplicar glucagón intramuscular](#)

- ◆ A medicación debe estar conservada nunha neveira.
- ◆ Verificar a data de caducidade.
- ◆ Abrir a caixa e identificar os dous compoñentes: medicación, en po, e xiringa con agua para disolvela.
- ◆ Mesturar. Remover ata lograr unha mestura homoxénea.
- ◆ Cargar a xiringa coa mestura
- ◆ Aplicar na coxa

### → [Manual de primeiros auxilios e normas de actuación](#)

### → [Reanimación cardiopulmonar básica. Vídeo.](#)



## O básico de calquer actuación: Conduta PAS: Protexer, Avisar, Socorrer.

- Protexer. O grupo debe estar organizado:
  - O docente da as indicacións e coordina a intervención. Debe manter a calma e tomar a responsabilidade sobre as accións.
    - O primeiro paso é protexer ao/á alumno/a que sofre a emerxencia.
  - Un/unha alumno/a será nomeado responsable de ir a por un teléfono. Poden estar pre-definidos un par de rapaces/as por grupo.
    - Evidentemente tamén se pode utilizar o teléfono móbil do docente.
  - En caso de convulsións: Un/unha alumno/a anota na pizarra a hora na que se iniciaron as mesmas.
- Avisar. Facer a chamada ao 061.
- Socorrer. Seguir as indicacións do 061. Lembrar que toda a responsabilidade é do profesional que guía a intervención.

- [Conduta PAS. Vídeo](#)
- [Maniobra frente-mentón](#)
- [Posición lateral de seguridad](#)
- [Más información de primeiros auxilios. Playlist.](#)